

A república en Galicia

Ensaio Un manual necesario que constrúe o relato histórico fuxindo de mitos e idealizacións



Proclamación da II República // Alfonso Sánchez Portela

A *Segunda República en Galicia* constitúe unha mirada de conxunto, un manual utilísimo e didáctico con grande número de fotografías que documentan a época. Indo máis alá, o seu subtítulo “Memoria, mito e historia” indica a carga polémica. Para a restitución da historia e a crítica do mito o autor preferiu a vía elusiva: que a información, na súa nudez, cumpra a función de desmontar idealizacións, fantasías ou desenfoques.

Entremos, pois, en escena. Nas eleccións que deron lugar ao cambio de réxime só en Lugo gañaron os candidatos monárquicos. Galicia incorporouse con certa decisión ao escenario republicano. O pacto de Lestrove indica a extensión do republicanismo galego na altura. Convén acentualo, porque as maiorías de dereita no actual período democrático poden deitar unha interpretación retrospectiva equívoca. Galicia estaba no medio dun cambio social que a guerra frustrou.

Precisa Grandío as tres forzas que eran as “referentes no plano ideolóxico da sociedade galega, representativas de ámbitos sociolóxicos ben distintos. A ORGA, de Casares Quiroga, o PRR, o republicanismo moderado e lerrouxista e a URD/CEDA, a dereita católica, a organización máis representativa do conservadorismo”. No imaxinario colectivo están moi presentes o PSOE, o Partido Galeguista, o PC e a CNT, pero, sen que fosen desprezables, non constituíron os nós decisivos que configuraron intres tan magmáticos coma os da época.

Terceira cuestión: o voto. Emilio Grandío súmase aos historiadores que poñen en contexto os recontos nas urnas. As vitorias electorais reflectían qué vector conseguía impoñer o seu control nunha circunscrición. A rapidez dos cambios nas sucesivas consultas dinos quen estaba en disposición de manexar as redes clientelares e non só os cambios na tendencia do voto. Casaristas e lerrouxistas, tanto como a CEDA e os grupos minoritarios usaban, alí onde podían, das súas influencias para encher as urnas.

Canto á igrexa, ningunha institución foi tan reactiva á República, e ningunha logrou maior éxito á hora de introducir o descrédito da nova forma de goberno entre a poboación. É algo sabido, pero convén lembrar a forza que significaba, nun país como era daquela Galicia, un crego en cada parroquia. Os católicos sentiron a República como unha ameaza existencial contra a súa forma de vida, contra a familia e un certo sentido da orde social. Desatender eses temores foi, no parecer do autor, un erro obvio da política republicana.

Sostén Grandío que “outubro do 34 danou de xeito gravísimo a República. Cortáronse as poucas bases de comunicación que sostiñan o réxime”. O peso que lle confire a eses sucesos na evolución posterior é definitivo. Ese xuízo confirma puntos de vista moi estendidos na dereita que, sen que caiba menoscabalos, convén argumentar moi fundamentamente. Por outro lado, os apoios do intento dentro de Galicia dan unha cartografía tanto da

extensión no país do movemento obreiro como da reacción da masa crítica conservadora.

A Fronte Popular marcou, na consideración do autor, o acceso dunha nova xeración aos postos de mando da República. Máis da metade dos alcaldes da Fronte tiñan menos de corenta anos e moitos tiñan menos de trinta. Foron as xentes que se viron despois máis castigadas polos insurxentes e o seu sacrificio na ara do franquismo coutou unha liña posible de modernización do país que podía ter continuidade natural nas institucións do Estatuto.

En definitiva, *A Segunda República en Galicia* está consagrada a precisar o marco xeral, puntualizar o peso relativo das forzas en xogo e lembrar as dúbidas sobre o significado do voto no período. Cando Emilio Grandío expresa reticencias sobre como se conduciu a cuestión relixiosa e as consecuencias de outubro do 34 parece acercarse a unha crítica da política republicana distante politicamente da dereita pero que nos deixa en suspenso. Algo semellante sucede coa vitoria da Fronte Popular, narrada como o capítulo final dunha derrota que flotaba no aire, inevitable. // **Antón Baamonde**

A Segunda República en Galicia

Emilio Grandío
Seoane

Nigra Trea, 2010 · 285 páx · 30 euros

